

## PROGRAMACIÓN DE AULA 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### UNIDADE 1: AS NOSAS FESTAS

#### CONTIDOS

##### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *A saia da Carolina*.

##### LINGUAXE MUSICAL

O ritmo: figuras, silencios e notas musicais.

Signos de repetición: Os dous puntos.

##### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de altura indeterminada.

Instrumentos de altura determinada.

A frauta doce: repaso e interpretación de melodías.

#### OBXECTIVOS

- Entoar afinadamente.
- Dramatiza-la canción.
- Traballa-las figuras, silencios, e notas
- Traballa-los signos de repetición.
- Traballar cos instrumentos de altura indeterminada e determinada.
- Interpretar obras coa frauta doce e con instrumentos de percusión.

#### PROCEDEMENTOS

- Lectura e entoación da canción *A saia de Carolina*.
- Práctica das figuras e silencios, desde a redonda á semicorchea.
- Uso das sílabas rítmicas.
- Dictados rítmicos.
- Práctica de notas musicais.
- Dictado melódico.
- Instrumentos de altura determinada e indeterminada, as súas características e técnicas.
- Montaxe das cancións: *Ó ghai ghai*, *Valse e canon*.

#### ACTITUDES

- Interese polo traballo cotián.
- Deleitación coas montaxes en grupo.
- Respecto polos compañeiros.
- Esforzarse na achega de ideas.
- Valoración do traballo ben feito.
- Colaboración cos compañeiros nas montaxes de obras, tanto vocais como instrumentais.

## UNIDADE 2: O OUTONO

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *Castañas no Magosto* e *Los corzos*.

#### LINGUAXE MUSICAL

As plicas.  
Escritura no pentagrama e dictado melódico.  
O ritmo.  
O carácter da melodía.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de lámina.  
A frauta doce.  
Familia de vento–metal: a trompeta.  
Instrumentos populares galegos.

#### AUDICIÓNS

Fragmentos: da ópera *Carmen* de Bizet, da suite *Peer Gynt*, do *Outono* de Vivaldi  
*O voo do abellón* (ópera *O Tsar Saltan*) de Rimsky Korsakov.

### OBXECTIVOS

- Cantar e dramatizar.
- Traballa-las plicas e as liñas adicionais.
- Coñece-lo carácter das melodías.
- Coñece-la trompeta.
- Montar obras musicais coa frauta doce, instrumentos de altura determinada e indeterminada.
- Representar mediante un debuxo un fragmento musical.
- Seguir un musicograma mentres se escoita unha audición.
- Recoñecer instrumentos galegos.

### PROCEDEMENTOS

- Traballo en grupo para entoar e dramatiza-la canción *Los corzos*.
- Práctica das plicas e das liñas adicionais.
- Descubri-lo carácter das melodías por medio da audición.
- Coñecemento da trompeta, visual e auditivamente.
- Interpretación con instrumentos de lámina de *La Chacona* de Pachelbel.
- Interpretación coa frauta das cancións: *Si pasas por mi calle* e *Lili pulit bat*.
- Representar mediante un debuxo un fragmento musical.
- Seguir un musicograma figurativo que representa o argumento dunha obra musical.
- Escoita-los sons de instrumentos galegos.

### ACTITUDES

- Esforzarse en buscar datos sobre o outono.
- Valoración do traballo en grupo colaborando cos compañeiros.
- Boa disposición para cantar e tocar en grupo.
- Atención polas audicións para descubri-lo son da trompeta.
- Atención para seguir un musicograma.
- Poñer interese ó representa-la música mediante un debuxo.
- Interese por unha boa grafía.

## UNIDADE 3: AGRUPACIÓNS VOCAIS E INSTRUMENTAIS

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción. *Eu son un artista*.

#### LINGUAXE MUSICAL

Repaso dos compases binarios, ternarios e cuaternarios.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

As voces e os instrumentos.

Instrumentos de lámina.

A frauta doce.

A trompa.

Tocar con percusión corporal.

Tocar con pequena percusión.

#### MOVEMENTO E DANZA

Bailar coa canción da unidade.

### OBXECTIVOS

- Cantar e dramatiza-la canción.
- Diferencia-los compases por escrito e auditivamente.
- Clasifica-las voces humanas.
- Traballa-la forma canon
- Acompañar música con percusións corporais e pequena percusión.
- Interpretar obras con instrumentos de lámina, pequena percusión e frauta.
- Coñece-la trompa.
- Tocar cunha audición.
- Realizar coreografías con cancións.

### PROCEDEMENTOS

- Interpretación da canción *Eu son un artista*.
- Dramatización da mesma imitando os instrumentos musicais: son e maneira de tocar.
- Poñe-los pulsos, acentos e liñas divisorias ós compases binarios, ternarios e cuaternarios.
- Identifica-los compases mediante fragmentos musicais
- escoita-la canción de *Queen We will rock you* e tocar con ela percusión corporal e pequena percusión.
- Coñecemento da voz humana e clasificación. Traballo con audicións.
- Interpretación cos instrumentos de lámina da obra *A campá* en forma de eco.
- Interpretación coa frauta doce das obras: *Xa fun a Marín* e *Na banda daló do río*.
- Coñecemento da trompa pola súa forma e por medio da audición.
- Tocar instrumentos de pequena percusión coa melodía *Moita festa*.
- Montaxe dunha coreografía coa canción da unidade.

### ACTITUDES

- Boa disposición para cantar e dramatizar en grupo.
- Interese pola realización de exercicios de linguaxe musical.
- Atención polas audicións para o traballo das voces humanas.
- Instrumentar con atención as audicións.
- Ser capaz de deleitarse coas montaxes de obras instrumentais xunto cos seus compañeiros.
- Esforzarse coas montaxes das coreografías e coa improvisación de pasos.

## UNIDADE 4: O NADAL

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Panxoliña: *A Belén vinde pastores. As noitiñas de Nadal.*

#### LINGUAXE MUSICAL

Signos de prolongación  
Anacruse.  
Repaso de compases; cambios de compás.  
Reconstrucción de cancións.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión: *Canción de berce.*  
A fruta doce: *Jingle bells* e *A run run.*  
O romance: *As noitiñas de Nadal.*

### OBXECTIVOS

- Cantar e dramatiza-la canción.
- Traballa-los compases binario e ternario.
- Traballa-la anacruse, o acento e a liña divisoria.
- Traballa-los signos de prolongación: a ligadura e o punto.
- Escribir no pentagrama
- Coñecer visual e auditivamente o trombón.
- Montar obras musicais con fruta doce e cos instrumentos de percusión.
- Dramatizar un romance.

### PROCEDEMENTOS

- Interpretación da panxoliña *A Belén vinde pastores* e do romance *As noitiñas de Nadal.*
- Montaxe dunha escena de Nadal dramatizando a canción da unidade.
- Práctica dos compases con anacruses.
- Práctica da ligadura e punto.
- Montaxe de *Canción de berce* con instrumentos de percusión.
- Interpretación coa fruta de *Jingle bells* e *A run run.*
- escoita-lo son do trombón de varas e fixarse nas súas características.
- Dramatización do romance *As noitiñas de Nadal* e interpretación vocal e instrumental.

### ACTITUDES

- Interese por face-los exercicios da linguaxe.
- Boa disposición para a reconstrucción de cancións desordenadas.
- escoitar con atención as audicións.
- Valoración do traballo en grupo para a montaxe de obras instrumentais.
- Esforzarse na montaxe do romance *La Nochebuena se viene.*

## UNIDADE 5: A PAZ

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *Recital á paz*. Cantar canons.

#### LINGUAXE MUSICAL

O matiz.  
O Aire.  
Pulsos, acentos e liñas divisorias.  
Letra e ritmo.  
Signo de repetición: 1º e 2º vez.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión.  
A frauta doce.  
A tuba.

#### AUDICIÓN

Fragmento da *Novena Sinfonía* de Beethoven.  
Fragmento da *Casación dos xoguetes* de Leopoldo Mozart

### OBXECTIVOS

- Cantar afinadamente.
- Traballa-los termos de matiz e velocidade.
- Traballa-la forma de canon.
- Coñece-la tuba.
- escoitar un fragmento do 4º movemento da *Novena Sinfonía* de Beethoven.
- escoitar un fragmento dunha obra clásica con instrumentos reais e de xoguete.
- Recitar e instrumentar ditos populares, comentando cos alumnos a mensaxe positiva.

### PROCEDEMENTOS

- Interpretación da canción *Recital á paz*.
- Realización de exercicios de linguaxe musical.
- Interpretación de canons vocais e instrumentais.
- Montaxes das obras *Himno á alegría* e *Unámo-las mans* con instrumentos de lámina, pequena percusión e frauta doce.
- Por medio da audición, identificar un tema e sinalar se está interpretado por unha ou varias voces, ou por instrumentos, mediante fragmentos do cuarto movemento da *Novena Sinfonía* de Beethoven.
- escoitar un fragmento da *Casación dos xoguetes* de Leopoldo Mozart.

### ACTITUDES

- Boa disposición para realiza-lo traballo sobre a paz.
- Interese por facer exercicios da linguaxe musical.
- Ser capaz de deleitarse coas montaxes instrumentais.
- Valoración do traballo dos compañeiros.
- Esforzarse na escoita de obras para descubri-lo que interese.
- Reflexionar sobre as actitudes implícitas no dito popular.

## UNIDADE 6: O CARNAVAL

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *O entroido. Muriéndose de risa ¡ay chungala!*  
*Litrón*

#### LINGUAXE MUSICAL

A música e a letra  
O ritmo: nota a contratempo  
Signo de repetición **DC** e **Fin**.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión.  
A fruta doce.  
Musica tradicional e popular.  
Agrupacións instrumentais.

#### AUDICIÓN

*A danza macabra* de C. Saint-Saëns

#### MOVEMENTO E DANZA

Montar unha coreografía coa canción da unidade

### OBXECTIVOS

- Entoar afinadamente.
- Traballa-los signos de repetición **DC** e **Fin**.  
Traballa-la nota a contratempo
- Traballar novas sílabas rítmicas.
- Montar obras instrumentais.
- Coñecer música galega.
- Acompañar con percusións corporais e instrumentais.
- escoitar *A danza macabra*.
- Coñece-los carnavais máis representativos de Galicia.

### PROCEDEMENTOS

- Interpretación das cancións da unidade.
- Realización dun traballo sobre o entroido.
- Realizar unha danza coa canción da unidade, disfrazados, elaborando unha careta típica de Verín con cartolina e collendo roupa usada da casa.
- Aprender a poñer un ritmo a unha letra sinxela e viceversa.
- Interpretación de esquemas rítmicos apoiados por sílabas rítmicas e frases da linguaxe falada.
- Dramatización xunto cun grupo de compañeiros da obra *A danza macabra*.
- Traballo auditivo e visual de instrumentos e agrupacións.
- Montaxe en grupo das obras *O berberechiño* e *As tartarugas* de Saint-Saëns con instrumentos de percusión.

### ACTITUDES

- Boa disposición para os traballos en grupo.
- Interese polos exercicios da linguaxe.
- Atención nas audicións.
- Esforzarse na achega de ideas.
- Valoración do traballo dos compañeiros.
- Deleite co traballo ben feito.

## UNIDADE 7: OS DEPORTES

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *Deportistas*.

#### LINGUAXE MUSICAL

A melodía e o acompañamento  
Xogos con ritmo.

#### EXPRESIÓN INSTRUMENTAL

A fruta doce.  
Instrumentos de percusión.  
A banda

#### MOVEMENTO E DANZA

Coreografía coa canción da unidade

#### O XOGO

Xogo olímpico: *O heptatlon*.

### OBXECTIVOS

- Entoar afinadamente.
- Diferencia-la melodía dun acompañamento e escoitar diferentes tipos.
- Interpretar ritmogramas.
- Montar obras instrumentais.
- Montar unha coreografía
- Coñece-la banda e os instrumentos que a integran.

### PROCEDEMENTOS

- Traballo en grupo da canción *Deportistas*, entoándoa e facendo unha montaxe, dramatizando o contido da letra.
- Escoitar unha melodía soa e despois con varios tipos de acompañamentos.
- Desenvolvemento de xogos rítmicos por medio de ritmogramas.
- Interpretación en grupo da melodía *Ai Pepiño adeus*.
- Xogo do heptathlon utilizando nas probas os contidos traballados anteriormente.

### ACTITUDES

- Boa disposición para os traballos en grupo.
- Goce coa interpretación de ritmogramas.
- Achea de ideas para a formación de xogos rítmicos.
- Esforzarse pola montaxe de coreografías.
- Interese pola montaxe de obras interpretadas coa fruta doce e cos instrumentos de percusión.
- Interese por coñecer unha agrupación tan característica en Galicia: a banda.
- Respecto ós compañeiros nos xogos.

## UNIDADE 8: A MÚSICA E AS ARTES

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *As artes*.

#### LINGUAXE MUSICAL

O carácter.

Ritmogramas.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Os instrumentos e as artes.

Instrumentos de percusión.

A fruta doce.

Música e pintura.

#### AUDICIÓN

Fragments de *Cadros nunha exposición* de Mussorgsky.

### OBXECTIVOS

- Entoar afinadamente a canción *As artes*.
- Investigar sobre os compositores de obras de arte.
- Traballa-los elementos do son, ámbito e tesitura.
- Facer un paralelismo entre os instrumentos e as artes.
- Interpretar con instrumentos de percusión a forma lied.
- Toca-la fruta doce.
- Coñece-los instrumentos de corda.
- Facer un paralelismo música–pintura.

### PROCEDEMENTOS

- Traballo en grupo entoando a canción *As artes*.
- Recopilación de datos sobre Goya, Codax, Miguel Ángel, etc. Autores que se recollen no texto da canción.
- Discriminación auditiva en fontes sonoras diversas.
- Observar qué factores inflúen no carácter dunha música.
- Visualización de diapositivas, cadros, láminas..., con obras de arte que teñan relación coa música.
- Identificar instrumentos en obxectos de arte.
- Realizar un cadro ou colaxe relacionada con instrumentos musicais.
- Interpretación da obra *Bienvenidos Fran–Soni* en forma de lied (A–B–A) con instrumentos de percusión e de *Ai Sálvora*.
- Escoita-la audición de Mussorgsky e contesta-las preguntas propostas.

### ACTITUDES

- Interese polos traballos en grupo.
- Valoración do traballo dos compañeiros.
- Atención e interese por descubri-la unión que hai entre a música e outras artes.
- Desprezo do ruído molesto e desagradable e sensibilidade ante a contaminación sonora.
- Coidado e responsabilidade dos instrumentos da clase, manexo con corrección e mantemento dos mesmos.
- Interese por investigar sobre obras de arte, autores, etc.

## UNIDADE 9: OS MAIOS

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *Os maios. Las ovejuelas.*

#### LINGUAXE MUSICAL

Ligadura de expresión e picado.  
Esquema rítmico novo  
Reconstrucción de cancións no pentagrama.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión.  
A fruta doce.  
A familia de vento–madeira.  
Instrumentos populares de vento madeira.  
A orquestra sinfónica.

#### AUDICIÓN

*Danza árabe* de Peer Gynt.

#### MOVEMENTO E DANZA

Montar unha coreografía coa canción da unidade.

### OBXECTIVOS

- Cantar e dramatiza-la canción.
- Diferencia-la ligadura de unión da de expresión.
- Coñece-lo picado
- Reconstruír cancións desordenadas.
- Realizar montaxes instrumentais.
- Coñece-la orquestra sinfónica
- escoitar música que se interpreta con ela.
- Coñece-la familia de vento–madeira.
- Montar unha coreografía cunha canción.
- Tocar cunha audición e traballa-lo seu esquema formal.

### PROCEDEMENTOS

- Entoación e dramatización das cancións da unidade.
- Explica-las diferentes ligaduras e que observen a diferenza ó tocar ou ó cantar.
- Práctica con instrumentos de percusión das melodías: *Eu namorar* e *Velaí vén o gaitero*.
- Audición de obras con instrumentos de vento–madeira.
- Coñece-la orquestra sinfónica. Os instrumentos que a integran e a súa colocación non escenario.
- Identificar estilos de música que interpreta a orquestra escoitando fragmentos.
- Segui-lo esquema formal da audición e despois tocar con pequena percusión ó mesmo tempo que a música.

### ACTITUDES

- Deleite co canto propio e as montaxes cos compañeiros.
- Valoración da voz e do propio corpo.
- Atención e interese pola aplicación do matiz na obra musical.
- Ser capaz de pasalo ben coa interpretación de obras instrumentais.
- Atención e interese nas audicións.
- Disposición para coordina-la propia acción coas do grupo para a montaxe de coreografías.

## UNIDADE 10: A NOSA CULTURA

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Romances: *Camiña don Sancho. El conde Olinos.*

#### LINGUAXE MUSICAL

Intervalos.

Ritmos.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de tecla.

O jazz en Galicia.

A fruta doce e percusión.

#### AUDICIÓN

*En un mercado persa* de A. Ketelbey.

Estilos de música e intérpretes de Galicia.

### OBXECTIVOS

- Cantar e dramatiza-los romances.
- Coñece-los intervalos.
- Tocar con instrumentos escolares.
- Diferencia-los instrumentos con teclas visual e auditivamente.
- Montar obras con instrumentos de percusión e fruta doce.
- Coñecer distintos estilos de música que se fan en Galicia e algúns dos seus intérpretes.
- escoitar e tocar coa audición *A danza árabe* de Grieg. Diferencia-los temas.

### PROCEDEMENTOS

- Interpretación dos romances.
- Dramatización dos romances.
- Recoñecemento básico dos intervalos escritos. Se procede, podemos facer recoñecemento auditivo tamén.
- Recoñecer estilos de música e instrumentos.
- Recoñecer, mediante audicións, instrumentos de tecla.
- escoitar e tocar con percusión a audición e completa-lo seu esquema formal.
- Montaxe en grupo do tema de *Os mendigos* e o *Himno Galego*, con instrumentos de percusión.
- Interpretación individual e en grupo de *La panaderita* coa fruta doce e coa voz.
- Coñecemento das agrupacións instrumentais por medio da audición.
- Recoñecemento do tema do terceiro movemento da *Sinfonía dos xoguetes* e ver cómo cambia empregando signos de expresión.

### ACTITUDES

- Atención e interese pola montaxe de obras vocais e instrumentais.
- Respecto polos compañeiros e participación nas actividades de grupo.
- Boa disposición para os traballos en grupo.
- Valoración do traballo ben feito.
- Deleite coa audición de obras musicais.

## UNIDADE 11: A MÚSICA E A NATUREZA

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *Collín toxos e flores. Aquel sombrero de monte.*

#### LINGUAXE MUSICAL

Novos esquemas rítmicos. A síncopa.

Novos esquemas rítmicos

Reconstrucción da canción.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión.

A fruta doce.

Música galega.

Música e cine.

### OBXECTIVOS

- Cantar afinadamente.
- Traballa-los esquemas rítmicos e as síncopas.
- Tocar obras con instrumentos de percusión e coa fruta.
- Escribir no pentagrama.
- Coñecer música galega.
- Coñecer bandas sonoras de películas.

### PROCEDEMENTOS

- Traballo en grupo para a montaxe das cancións e obras instrumentais.
- Traballa-las síncopas escritas, tocándoas e escoitándoas.
- Traballar novos ritmos por escrito e escoitando fragmentos de cancións.
- Reconstruír no pentagrama unha melodía.
- Interpretación das obras: *Funga alafia* e *Na beira do mar* con instrumentos de percusión.
- Escoitar fragmentos de música galega e diferenciala doutros estilos.
- Escoitar fragmentos de bandas sonoras de películas.

### ACTITUDES

- Boa disposición para o canto colectivo.
- Interese pola realización de exercicios aplicando os novos esquemas rítmicos da linguaxe.
- Atención para discriminar melodías e instrumentos
- Interesarse pola música de cine.
- Traballar con interese a linguaxe musical.
- Esforzarse na participación de montaxes instrumentais.

## UNIDADE 12: A CULTURA DOUTROS PAÍSES

### CONTIDOS

#### EDUCACIÓN VOCAL E CANTO

Canción: *My bonnie lies over the ocean*.

#### LINGUAXE MUSICAL

As alteracións.

Repaso dos conceptos aprendidos ó longo do curso.

#### EXPRESIÓN E COÑECEMENTO INSTRUMENTAL

Instrumentos de percusión.

A fruta doce.

Instrumentos e música de outras culturas.

Taller de instrumentos

#### DANZA

*Indo eu*.

#### O XOGO

Un percorrido polos diferentes países do mundo.

Divertimentos.

### OBXECTIVOS

- Reforza-los contidos traballados ó longo do curso.
- Coñecer de forma sinxela as alteracións.
- Estimularos para que constrúan eles un instrumento musical.
- Coñecer música e instrumentos doutras culturas.
- Repasa-los continentes.
- Tocar con fruta e percusión.
- Montar unha danza.
- Repasar conceptos do curso xogando.

### PROCEDEMENTOS

- Interpretación da canción da unidade.
- Coñece-las alteracións e para qué serven.
- Repaso da linguaxe.
- Construír un chekeré
- Identificar instrumentos doutras culturas.
- Identifica-los continentes pola música que escoitan.
- Interpretación de *Oh when the saints*, *Polca* e *Indo eu* con instrumentos de percusión e fruta.
- Bailar a danza portuguesa *Indo eu*.
- Repaso do curso por medio de xogos e divertimentos.

### ACTITUDES

- Interese e boa disposición para realizar tódalas actividades.
- Respecto polos compañeiros/as nas quendas de xogo e en tódalas actividades.
- Valoración do traballo ben feito.
- Esforzarse por traballar en grupo colaborando cos compañeiros.
- Ter interese en coñecer música doutras culturas.
- Poñer interese na construción do instrumento.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- **Utiliza-la** notación musical para a lectura de esquemas rítmicos e melódicos sinxelos traballados habitualmente na aula.  
Trátase de saber se o alumno asocia os sons á grafía musical e se é capaz de interpretala e utilizala como medio de comunicación.
- **Identificar** algúns elementos da linguaxe musical (timbre, ritmo, velocidade, dinámica, etc.).  
Con este criterio preténdese avalia-lo coñecemento da linguaxe musical, así como os compoñentes dunha obra musical sinxela.
- **Utilizar** axeitadamente os recursos expresivos da voz como instrumentos para a improvisación e para o canto.  
Con este criterio avalíase o grao que o alumno logrou no manexo técnico e expresivo da voz, e a participación desinhibida no canto individual e colectivo.
- **Responder** en situacións de improvisación a fórmulas rítmicas e melódicas sinxelas, utilizando algún dos recursos expresivos musicais (movemento e danza, voz e instrumentos).  
Con este criterio trátase de comproba-lo grao de axuste ou precisión nas actividades de movemento que requiran unha resposta individual e de grupo, a destreza no manexo de instrumentos musicais, o grao de precisión para executar ritmos propostos e a utilización das súas posibilidades vocais.
- **Utiliza-los** recursos expresivos do corpo, os obxectos e o son para representar personaxes e situacións dramáticas sinxelas.  
Con este criterio quérese comprobar se o alumno inventa e desenvolve a través do xogo dramático, personaxes reais ou imaxinarios, coordina as súas accións con outros membros do grupo e utiliza os recursos expresivos do corpo para comunicar sentimentos, ideas e situacións.
- **Identifica-los** elementos básicos do xogo dramático (personaxes, conflito, trama, espacio, tempo) e realizar improvisacións a partir deles.  
O alumno ten que identificar e diferenciar con claridade os distintos compoñentes do xogo dramático. Tamén hai que ter en conta a resolución no tratamento das improvisacións: caracterización dos personaxes, desenvolvemento do conflito, adecuación ó espacio, etc.